

MANIFESTACIÓN DE INTERESE RELATIVA Á LOCALIZACIÓN DE CENTROS DE I+D EMPRESARIAL EN GALICIA

No marco do proceso de elaboración da **Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia (RIS3 Galicia) para o período 2021-2027** e do **Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia**, a Axencia Galega de Innovación inicia un proceso polo que convida ás empresas a manifestar o seu interese en localizar os seus centros de I+D en Galicia.

A globalización dos mercados e o cambio de paradigma vinculado ao xurdimento das tecnoloxías da información, entre outros factores, favoreceu a internacionalización da actividade económica, pero tamén propiciou que moitas empresas atópanse continuamente axustando as súas estruturas e estratexias. As **actividades de investigación e desenvolvemento (I+D)** non son unha excepción a este **continuo proceso de reorganización, innovación aberta e dispersión xeográfica**.

A pandemia da COVID-19 cambiou as perspectivas económicas mundiais dos próximos anos. As rexións europeas deben abordar os retos económicos e sociais aos que se enfrontan dunha maneira aínda máis decisiva tras a crise, a través do **apoio ás iniciativas que promovan unha contorna favorable ao investimento**, no que as empresas poidan prosperar.

Consciente diso, a Comisión Europea puxo en marcha o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, un novo instrumento de emerxencia puntual, de duración limitada e utilizado exclusivamente para medidas de resposta e recuperación, que complementa o Marco de Financiamento Plurianual 2021-2027. Este instrumento centrará a súa actuación en ámbitos como a **competitividade e produtividade**, as **capacidades de investigación e innovación**, o **emprego** e o **investimento**, entre outros.

Nesta liña, a Xunta de Galicia atópase inmersa no **proceso de elaboración da Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia (RIS3 Galicia) para o período 2021-2027** no que se prevé o apoio á captación de investimento en I+D dirixida aos sectores con maior potencial de xeración de valor engadido, tecnoloxicamente máis avanzados, onde se necesita capital humano altamente cualificado e con experiencia.

A presente manifestación de interese realízase cun **dobro obxectivo**:

- **Coñecer potenciais empresas interesadas** en establecer os seus centros de I+D en Galicia, así como as súas propostas para o desenvolvemento destes centros.
- **Facilitar á Administración información sobre as necesidades do ecosistema co obxectivo de definir instrumentos de apoio adecuados para estas empresas**, caso decídase instrumentar algún programa específico para este fin.

A invitación para presentar expresións de interese **permanecerá aberta até o 31 de maio de 2021**. As propostas consideraranse confidenciais e dirixiranse á Axencia Galega de Innovación a través do correo electrónico innovacion.gain@xunta.gal, completando o modelo de memoria -ver apartado

Documentación- e indicando no asunto da mensaxe “Manifestación de interese – Centro I+D “[nome da empresa]”.

A Axencia Galega de Innovación estudará as propostas que se presenten, podendo convocar ás entidades interesadas a entrevistas co fin de solicitar aclaracións do contido destas.

A participación neste procedemento non outorgará dereito nin preferencia algunha respecto das convocatorias de axudas que poidan ter lugar con posterioridade a este proceso de consulta ao mercado.

As manifestacións de interese axustaranse aos seguintes **requisitos**:

- As empresas que presenten propostas deberán estar validamente constituídas, non estar suxeitas a unha orde xudicial para recuperar axudas que se considerasen ilegais e incompatibles no contexto dunha decisión da Comisión Europea, nin ter dificultades no sentido das directrices da Comisión Europea sobre axudas para o rescate e a reestruturación de empresas en crise.
- O centro de I+D deberá contar con dependencias situadas en Galicia que deberán estar perfectamente delimitadas, identificadas e fisicamente diferenciadas das do resto de entidades do seu grupo empresarial.
- O centro de I+D deberá ser de nova implantación.
- O centro de I+D deberá acoller nas súas dependencias en Galicia polo menos a 30 traballadores por conta allea (a tempo completo ou equivalente) dedicados ao desenvolvemento de actividades de I+D.
- As actividades de I+D realizadas polo centro de I+D deberán estar enmarcadas nos campos de especialización definidos como prioritarios na Especialización Intelixente de Galicia (RIS3 Galicia).
- O centro de I+D deberá apostar pola investigación e o desenvolvemento tecnolóxico en ámbitos como a eficiencia enerxética, a mellora da sustentabilidade do seu proceso ou produto, a descarbonización da súa actividade, a incorporación de aspectos de economía circular, o mellor aproveitamento de recursos ou a dixitalización da cadea de valor, entre outros.
- O orzamento mínimo das propostas será de 10.000.000€
- A vixencia e operativa do centro de I+D en Galicia deberá de ser de, polo menos, cinco anos despois da execución da subvención.